

Reunida a Mesa Delegada onde se tratan os temas relacionados a todo o persoal do FOGASA trasladámosche a información dada polo organismo ás diferentes cuestións expostas por CIG, calquera dúbida ou consulta estamos á túa disposición no correo electrónico que figura ao pé de páxina.

Traballo a distancia→

Solicitudes	Número	Porcentaxe
Autorizadas	242	100 %
Denegadas	0	0 %

Modalidade de prestación	Número	Porcentaxe
Presenza física 2 días	132	38,71 %
Presenza física 3 días	93	27,27 %
Presenza física 4 días	17	4,99%
Presenza física 5 días	99	29,03 %
Total	341	100 %

A administración asume o compromiso de que ante calquera modificación ou novidade legislativa que poida xurdir e influír neste tema tratarase neste ámbito de mesa delegada

Concursos→:

Concurso específico con postos de nivel 24 e superiores, para todo o ámbito de FOGASA: publicouse no BOE do 1 de marzo de 2024. Incluíronse 38 postos, dos que 2 son resultas.

Concurso xeral con postos de nivel inferior ao 24: tense previsto convocalo no segundo ou terceiro trimestre de 2024.

Prevención de riscos laborais→

Recoñecementos médicos: os recoñecementos comezarán no mes de abril. Actualmente remitiuse a todo o persoal correo informado sobre a realización dos recoñecementos para que manifesten a súa intención de realizalos.

Avaliación de riscos psicosociais: En 2022, dos 55 centros de traballo de FOGASA, en 10 detectáronse posibles riscos psicosociais. En 2022 realizouse o estudo en profundidade nun deles, Tarragona, debido a un procedemento xudicial exposto por un funcionario que actualmente xa non está en FOGASA. En 2023 fixéronse 6 dos 9 estudos en profundidade restantes. Os tres estudos restantes realizaranse durante os meses de marzo e abril.

Desde CIG solicitamos que se realice unha reunión de mesa delegada monográfica sobre este tema da prevención de riscos laborais.

Incremento salarial para o ano 2024→ O organismo informa que seguen esperando á súa aprobación mediante a Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

Desde CIG podémosvos adiantar que segundo parece as intencións son que saia adiante con algunha norma legal que se tramite antes dos PGE.

Incorporación de persoal→ Infórmannos que se incorporará un informático e que se autorizaron 30 xornadas da cota anual, para realizar contratacións.

Real decreto lei 6/2023→ este Real decreto establece diferentes medidas que afectasen as nosas condicións de traballo.

- Disposición transitoria 6; informan que non hai persoal afectado polos novos niveis mínimos.

Desde CIG propoñemos aproveitar esta disposición para incrementar os niveis de todo o cadro de persoal, pero parece que non teñen intención dado que a norma só fala de niveis mínimos.

- Carreira profesional e avaliación do desempeño; están á espera das disposicións normativas que Función Pública poida sacar, daquela as que sexan competencia a tratar neste ámbito trátaranse.

Produtividade por obxectivos→ recoñece o organismo que é certo que este ano houbo persoal que percibiu menos que en anos anteriores, pero que o novo sistema creou un novo modo de percibir a produtividade por obxectivos abrindo máis posibilidades a máis persoal. Para este ano contan con alcanzar un orzamento de preto dun millón de euros.

RPT→ á pregunta de CIG responde o organismo recoñecendo que é moi antiga e o maior problema téñeno co persoal letrado. O persoal xestor xurídico habilítao a avogacía do estado pero só ao persoal que é licenciado en dereito e nese momento pasan a percibir a mesma produtividade que o persoal letrado.

A proposta que mandaron a CECIR contemplaba a subida dos específicos para o subgrupo A1 N26 (persoal letrado) para facer estes postos máis atractivos dado que teñen o complemento específico máis baixo de toda a administración. Contemplaba tamén a reorganización da Secretaria Xeral que está con case un 40% de postos vacantes e a creación de postos para persoal letrado en Madrid e Barcelona.

Comisións de servizos→ infórmannos que todas aquelas que son de nivel inferior ao 24 ofértanas a todo o persoal.

Acción social→ solicitaron, vía Presupostos Xerais do Estado, un incremento do crédito dedicado a este concepto polo que non poden adiantar data de publicación do plan.